

CANTIGA AOS EMIGRANTES

É un aballoado domingo de xaneiro, ardente e húmido,
día de foliada pra os máis, ou de pic-nic coma din,
en Olivos, San Isidro, nas baixadas de Belgrano, ao sur en Quilmes
(estes son todos nomes de barrios de bos aires)
ou noutros povos do longo enfastioso Gran Buenos Aires,
[...]

Viñeron moitos deles en camiós de carga dende o centro da cidade
i en algúns destes veu soando a gaita, (instrumento identificativo de Galiza) con lizgaio estrondo
os moionos durmintes espilindo. Ao soído do antigo paisán istrumento
axuntábanse os ledos alalás e o forte bater de mans.
[...]

Galiza está lonxe. Mais os nomes das súas parroquias e das súas comarcas
osténtanse coma divisas medioevaes penduradas dos aramios.
Bailando conxuran a tristeza de América (morriña pola terra abandonada)
onde a Vía Láctea, menos escintilante, non leva deica algures,
e as mozas non enfeitan os cabelos con grinaldas. (Idealización de Galiza fronte a outros lugares,
neste caso a Arxentina.)

Luís Seoane